

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

### **Os nenos de Infantil elaboran un xardín dos sentidos na clase**

Un mural situado no corredor do primeiro andar do CEIP Pedrouzos (Brión) proclama a chegada da primavera representada cun arco da vella, centos de flores, un montón de animais e sobre todo con cor, moita cor. Os artífices deste cartel foron os alumnos de Infantil de 5 anos, que quixeron deste modo dar a benvida á nova estación. Pero esta non foi a única actividade programada por e para os pequenos, xa que xunto coa súa mestra decidiron converter a súa aula nun pequeno xardín. Pero esta horta de interior non é unha horta calquera, senón que está pensada para a observación e estímulo de cada un dos cinco sentidos.

O xardín dos sentidos está formado por moitas clases diferentes de plantas e froitas. Para espertar o olfacto atopamos, por exemplo, a lavanda e a salvia; para deleitar o gusto, os nenos plantaron sementes de plantas que dan froito, coma o melón ou a cenoria. As flores en semente e bulbo recrearán, unha vez florezan, o sentido da vista. O tacto exercítase a través da manipulación da terra e as sementes plantadas. Os cantos ou os cacarexos das aves son obxecto de estudo a través do sentido do oído, co fin de captar os hábitos e os movementos migratorios dos paxaros.

[http://www.infobrion.com/cibereducacion/e\\_relacions.php?tabla=fichas&id=964&img=5](http://www.infobrion.com/cibereducacion/e_relacions.php?tabla=fichas&id=964&img=5) (adaptación)

**1** A quen lle dan a benvida os alumnos do CEIP Pedrouzos co mural e o xardín?

.....

**2** De que curso son os alumnos que participan nesas actividades?

.....

**3** Que elementos compoñen o mural?

.....

**4** En que dependencia do colexio constrúen o seu pequeno xardín?

.....

**5** Quen lles axuda a facelo? .....

**6** Por que se chama o *xardín dos sentidos*? Rodea a resposta correcta:

- a) Porque busca fomentar no alumnado o sentido común.
- b) Porque está pensando para experimentar con cada un dos cinco sentidos.
- c) Porque é un xardín feito con moito sentimento.
- d) Porque se está moi tranquilo; non se sente nada.

**7** O xardín dos sentidos está formado por moitas clases diferentes de .....

.....

**8** Relaciona con frechas as dúas columnas segundo corresponda:

olor da lavanda	tacto
plantas con froito	gusto
flores	oído
manipulación da terra	olfacto
cantos das aves	vista

**9** Ponlle outro título axeitado ao texto.

.....